



---  
**ORDENANZA Nº 8**  
**ORDENANZA REGULADORA DA**  
**TAXA POR INSTALACIÓN DE POS-**  
**TOS, BARRACAS, CASETAS DE**  
**VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRAC-**  
**CIÓNS OU RECREO, SITOS EN**  
**TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL,**  
**ASÍ COMO, INDUSTRIAS DA RÚA E**  
**AMBULANTES E RODAXE CINEMA-**  
**TOGRÁFICA.**

**Artigo 1º.-** Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.3.n), ambos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, segundo a modificación establecida polo artigo 66 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais e de carácter público, este Concello establece a taxa polas utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local por "instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, sitios en terreos de uso público local así como industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica especificado nas tarifas contidas no artigo 3º seguinte, que se rexerá pola presente ordenanza.

**Artigo 2º.-** Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

**Artigo 3º.-** Contía.

1.- A contía do prezo regulado nesta ordenanza será a que figura na seguinte tarifa:

1.- Licencias para a ocupación de terreos dedicados a bambáns, aparellos voadores, casetas de tiro, xogos de cabaliños e, en xeral, calquera clase de aparellos de movemento; 300 pta/asentamento.

2.- Licencias para a ocupación de terreos destinados á instalación de res-

taurantes, bares, polberías, tabernas, etc.; 1.000 pta/día.

3.- Licencias para a ocupación de terreos con camiós ou vehículos para a venda de refrescos, bebidas, froitas, verduras, etc.; 250 pta/m2.

4.- Licencias para a ocupación de terreos destinados á instalación de postos para a venda de froitos secos, froitas, hortalizas, ovos, patacas e calquera outro produto comestible; 100 pta/m2.

5.- Licencias para a ocupación de terreos destinados á instalación de case-tas e postos para a venda de xoguets, cerámicas, quincalla e calquera outro produto non comestible; 100 pta/m2.

6.- Licencias para ocupación de terreos destinados á instalación de postos destinados á venda de calzados, tecidos e confeccións; 200 pta/m2.

7.- Licencias para a ocupación de terreos con camiós e vehículos destina-dos á venda de uva; 1 pta/2kg.

O Concello poderá establecer, para determinada tempada, os terreos municipais de uso público, nos que permitirá a instalación de teatros, circos, cinematógrafos ou outros espectáculos e adjudica-los ditos terreos mediante licitación, consonte ás vixentes normas de contratación municipal.

As adjudicacións faranse por tempada concreta, con expresión de data a data e se a ocupación continuara pasado o último día, liquidaranse os días de prórroga proporcionalmente ó prezo ó que fora adjudicado.

Os dereitos fixados na tarifa anterior, así como o importe da adjudicación mediante subhasta, enténdese pola concesión da ocupación, independentemente de que a actividade se leve ou non a cabo, polo que non poderá concederse bonificación ningunha por causa de choivas, restriccións na subministración de enerxía eléctrica ou calquera outra forza maior.

**Artigo 4º.-** Normas de xestión.

1. As cantidades esixibles consonte á tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período de tempo autorizado.

2.a) Os emprazamentos, instalacións, postos, etc., poderán sacarse a licitación pública e o tipo de licitación en concepto de prezo público mínimo que servirá de base, será a contía fixada na tarifa desta ordenanza.

b) Procederase, con antelación á subhasta, á formación dun plano dos terreos dispoñibles para seren subastados, numerando as parcelas que haxan de ser obxecto de licitación e sinalando a súa superficie. Así mesmo, indicaranse as parcelas que poidan dedicarse a coches de choque, circos, teatros, bares, restaurantes, polberías, quincalla, etc.

c) Se algún concesionario dos aproveitamentos utilizase maior superficie que a que lle foi adjudicada en subhasta ou autorizada na licencia, satisfará, por cada



metro cadrado utilizado de máis, o ..... por 100 do importe da poxa ou licencia, ademais do importe do remate ou da contía fixada pola tarifa, respectivamente.

3.a) As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza e non sacados a licitación pública deberán solicitar previamente a correspondente licencia, realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo 6.2 a) seguinte e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se van instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do municipio.

b) Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias; se se desen diferencias, notificaranse estas ós interesados e xiraranse, de se-lo caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, de se-lo caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

c) No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

4. Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que os interesados aboan e obteñan a licencia correspondente.

5. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licencia, sen prexuízo das contías que lles corresponda aboar ós interesados.

Artigo 6º.- Obriga de pagamento.

1. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicita-la correspondente licencia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2. O pagamento desta taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novo aproveitamento, por ingreso directo na Tesourería municipal ou onde establecese o Concello, pero sempre antes de retirar-la correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1.a) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, modificado pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, quedando elevado a definitivo ó concederse a licencia correspondente.

b) Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos padróns ou

matrículas desta taxa, por semestres naturais, nas oficinas da Recadación municipal, desde o día 16 do primeiro mes do semestre ata o día 15 do segundo.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcurra o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

O ALCALDE.- A SECRETARIA.

---